

## Acto nacional en desagravio ás vítimas do franquismo, polo fin da impunidade e da apoloxía do nazi-fascismo.

### Desagravio ás vítimas do franquismo

As vítimas do franquismo, ademais de ter sufrido en diferente grao - desde o asasinato á cadea, pasando pola expropiación dos seus bens - a represión deste réxime criminal, tiveron que padecer o silenciamento e mesmo a aldraxe, facéndolles a miúdo responsábeis das agresións que recibiron. Tamén aturaron, sen posibilidade de resposta, a imposición dunha simboloxía que louvaba aos verdugos e ocultaba o sufrimento da Humanidade vencida.

Galiza, onde non houbo guerra regular e os asasinatos pola brava duplicaron ás execucións tras Consello de Guerra, tivo asemade unha máis esmagadora negación dos crimes que pola súa nocturnidade e informalidade reforzaban a idea da ausencia deste exterminio, e mesmo se proxectaba a imaxe da adhesión entusiasta do noso pobo á ditadura. Daí o sambenito ben estendido dunha Galiza afervodamente franquista, que pretendeu e aínda pretende ocultar calquera resistencia ou represión existente que puidese abafar aquela estampa idílica.

Grazas ao esforzo heroico de asociacións e investigadores/as hoxe logrouse avanzar en destapar a brutal represión que aquí aconteceu, responsable dun mínimo de 4.700 mortos/as e 12.000 represaliados/as de distintas maneiras no período 1936-39. Con todo, non se conseguiu o merecido respecto xeral á dignidade das vítimas, que non son recoñecidas como tais política e xuridicamente, ficando aínda repetidas actuacións insultantes que ao non ser reprobadas e sancionadas polas organizacións que as amparan, deixan de ser un caso illado para converterse no síntoma dun problema máis profundo, que pon en evidencia a persistencia do franquismo que pretende condicionar á sociedade e o moito que aínda queda por facer para socializar a débeda que o noso país ten coas persoas exemplares que loitaron pola liberdade. E que, efectivamente, algo fixeron para ser homenaxeadas.

### Fin da impunidade

Esiximos a derogación da lei 46/1977, a chamada Lei de Amnistía, na que se apoia o Estado Español para manter a impunidade dos crimes cometidos polos franquistas até esa data e conseguintemente dá cobertura legal ás devanditas actuacións, con consecuencias en todos os ámbitos que teñen que ver coa grave vulneración dos dereitos humanos que se sufriu na Galiza e no Estado Español a raíz do golpe militar de 1936: desde a investigación e condena dos autores até o coñecemento e difusión de ditos feitos, pasando polos noxentos Consellos de Guerra que seguen a estar vixentes.

Esta verdadeira Lei de Punto Final é, tal e como xa ten manifestado a Oficina de Dereitos Humanos da ONU, incompatíbel coa lexislación internacional e coloca ás vítimas, ás asociacións de recuperación da memoria histórica, a investigadores e a cidadáns en xeral que denuncien os crimes cometidos, nunha inseguridade xurídica que pode mesmo - como ten acontecido numerosas veces - volverse contra quen reproba estes actos, na medida en que ao non ter a consideración de delitos (ese é, ao cabo, o espírito da devandita Lei), poidamos ser acusados de atentar contra a "honra" duns asasinados que, segundo o noso actual marco xurídico, non fixeron nada ilegal e por tanto non poderían ser considerados delinquentes.



### Sanción da apoloxía do franquismo

Consideramos moi grave que non se poña freo a exaltación pública dun réxime que se baseaba na eliminación dos seus adversarios e na prohibición das liberdades básicas. Sobre todo cando isto é feito por cargos públicos.

Os réximes democráticos que padeceron o fascismo, adoitan ter no seu ordenamento xurídico normas que eviten que isto lle volva acontecer. Disto atopamos multitude de exemplos na Europa. O Estado Español, que aturou ese totalitarismo e que hoxe soporta os efectos da tutela que o franquismo exerceu nos pactos da Transición onde non houbo unha rotura contundente co réxime xurdido da Guerra Civil, precisa máis que ningún outro normas que regulen este tipo de actuacións que supoñen un atentado á memoria das vítimas, mais tamén unha lexitimación e alento a que se produzan novos crimes.

En consecuencia, é urxente que se penalicen estas condutas, establecendo de xeito inmediato a inhabilitación dos cargos públicos que incorran nestas provocacións, comezando polo Alcalde do Partido Popular de Baralla, protagonista hai uns días dunhas declaracións inxustas e intolerables que xustifican aos vitimarios e deben ter consecuencias políticas e xurídicas de contado.



# ACTO NACIONAL EN DESAGRAVIO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

## MONTECUBEIRO - CASTROVERDE (LUGO)




Carmen Sarille



Manuela Graña



Arximiro Rico



Acta de Defunción de Virxinia Meilán

## DOMINGO 13 DE OUTUBRO 2013

### HORA DE COMEZO 12:30 HORAS

INTERVIRÁN

**Xosé María Arias**  
Alcalde de Castroverde

**Mario Outeiro**  
Delegado Provincial en Lugo de Cultura e Turismo

**Claudio Rodríguez Fer**  
Iniciativa Galega pola Memoria

**Federico Mayor Zaragoza**  
Ex-director da UNESCO (ONU)

### ACTUACIÓN MUSICAL DE MERCEDES PEÓN

## MONTECUBEIRO 1937

Montecubeiro, a parroquia máis grande de Galicia, e quizais de España, pertence ao Concello de Castroverde e dista 8 km. da capital municipal, que a súa vez está a 24 km. da cidade de Lugo. Conta con moi fermosas paisaxes, así como con abondosas explotacións agropecuarias, numerosos restos arqueolóxicos e diversos monumentos arquitectónicos, mais tamén cunha trágica historia civil.

En efecto, Montecubeiro converteuse nun inferno entre 1937 e 1938, cando os sublevados contra o goberno da Fronte Popular executaron a quince persoas tan só nesta parroquia castroverdense. Durante a II República formárase neste entón activo lugar unha anticaciquil Unión de Labradores, que mesmo promovera a creación dunha pequena biblioteca popular na súa sede, establecida na aldea de San Cibrao de Montecubeiro, cuxo modesto edificio segue en pé. A maioría das persoas alí pasadas polas armas foron asasinadas en agosto e en outubro de 1937, aínda que a matanza se prolongou ata 1938. Parece que a listaxe de veciños a eliminar foi proporcionada á Garda Civil por un crego e por algúns falanxistas da zona.

En teoría, o masacre derivou do temor dos sublevados a que se crease na serra un foco guerrilleiro co apoio dos veciños tras a fuga ao monte do republicano Bonifacio Sarille Lenceiro, líder da Unión de Labradores, e de dous compañeiros. Mais foron moitas as razóns ideolóxicas e os intereses persoais que conduciron aos asasinatos selectivos de veciños e veciñas, dise que nalgúns casos precedidos de torturas e de violacións.

Entre as primeiras vítimas figuraron tres mulleres: Virxinia Meilán Varela (costureira sinalada pola intolerancia social que a acusaba de ter un amante), Manuela Graña Rico (moza esquerdista que tiña falado en público un Primeiro de Maio) e Carmen Sarille Lenceiro (moza irmá do fuxido citado). As súas traxectorias vitais e o seu suplicio final cóntanse no artigo “Tres vidas truncadas”, de Ruth Fernández Fernández, publicado no monográfico “Vermellas” de *Unión Libre* (núm. 11, 2006).

Así mesmo, foron liquidados os varóns Manuel e José Graña Rico (mozos irmáns da citada Manuela), Antonio Pereira Calderón (directivo da Unión de Labradores), José Palmeiro Valcárcel (fillo dun mestre paseado en 1936), Manuel López López (labrego), José Veiga López (muiñeiro), José Blanco García, Domingo Fernández Díaz, José Freire Millares (barbeiro executado en 1938) e dous homes máis aínda hoxe descoñecidos, así como o mestre da veciña escola de San Bernabé (Baleira), Arximiro Rico Trabada.

Arximiro Rico, exemplar mestre republicano e director de teatro popular, estaba realizando un gran labor cívico, cultural e pedagóxico na comarca. Tras ser destituído e repostado no seu traballo, foi secuestrado na súa casa e paseado salvaxemente en Montecubeiro, segundo relatou Narciso de Gabriel no libro *Arximiro Rico, luz dos humildes. Vida e morte dun mestre republicano*, publicado en 2002: “Prendérono e levárono, mentres a súa nai pedía que llo deixasen. (...)”

Logo dirixíronse pola serra cara Montecubeiro, que tiña sido declarada zona de guerra e onde un tenente coronel da garda civil se encargaba de facer valer a forza do terror. Algúns dos que con el ían fixeron sen esforzo parte da ascensión, pois subiron a cabalo do mestre de San Bernabé. E na serra de Montecubeiro aconteceu o que resulta máis estremecedor. Cortáronlle os testículos. Quitáronlle os ollos. Cortáronlle a lingua. E rematárono a paus e a tiros de escopeta”. No mesmo libro dise que foi substituído na escola pola filla dun dos seus presuntos paseadores.

Paralelamente, familiares e veciños das vítimas foron ameazados e mallados cunha saña da que nin sequera se librou o can da familia Sarille, pois obrigaron a aforcalo. Manuel Sarille Lenceiro, de neno testemuña directa do masacre e incluso el mesmo ameazado de morte, investigou e relatou as súas lembranzas para a novela *Polos fillos dos fillos*, publicada en 2004 polo seu fillo Xosé Manuel Sarille, e colaborou con este na citada monografía sobre o querido e admirado mestre Arximiro Rico.

No ano 2003, Manuel Sarille Lenceiro promoveu, coa colaboración do Concello de Castroverde, a instalación dunha pedra de dez toneladas de peso en memoria das quince “persoas inocentes asasinadas polo fascismo”. O penedo, levantado no centro de Montecubeiro de costas á igrexa e de cara á antiga casa da Unión de Labradores, leva inscritos os nomes das vítimas. Dende entón, neste emblemático lugar da memoria antifascista téñense sucedido diversos actos conmemorativos de tan significativo símbolo do holocausto perpetrado polo franquismo en Galicia.

\*\*\*\*\*

Dende a memoria das mulleres e homes  
asasinados na matanza de Montecubeiro  
e nos masacres da Guarda e de Tui,  
que encheron de sangue toda a terra  
entre a montaña e o mar,  
(...)  
contra o odio,  
a loita continúa.

Claudio Rodríguez Fer  
(Fragmento de *A loita continúa*, 2004)

## AS TRES MAPOULAS DE MONTECUBEIRO

En memoria da humildísima Virxinia Meilán,  
das mozas Carmen Sarille e Manuela Graña,  
e das demais vítimas do masacre de 1937  
en Montecubeiro (Castroverde)

Entre as medorras e os castros,  
polos ríos e polos regos,  
baixo os soutos e sobre as carballeiras,  
onde pacen en paz vacas e ovelas,  
o canto do estornioño doce entoa  
o nome mártir de Manuela Graña.

Co vento dos cereais e a quietude do leite,  
coa nabiza dos nabos e o grelo das nabizas,  
coas patacas apañadas e as de debaixo da terra,  
a conciencia medra como a herba e as árbores  
para imporse clamando monte arriba  
o nome noso de Carmen Sarille.

As sombras dos ameneiros e os salgueiros  
nas ribeiras de flora flotante,  
as carreiras dos corzos e dos lobos,  
a vereas dos xabarís e o voo das vacalouras  
debuxan co fume de afumar chourizos  
o nome amantísimo de Virxinia Meilán.

Entre os toxos, sobre a neve,  
na seca e nas enxurradas,  
tres mapoulas iluminan  
noite e día Montecubeiro:  
Virxinia, Carmen, Manuela.  
Eran fermosas como pétalos.  
Perduran como penedos.

Claudio Rodríguez Fer  
(*Ámote vermella*, 2008)

